



RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA POLA QUE SE NOMEA A COMISIÓN CENTRAL DE AVALIACIÓN QUE PARTICIPARÁ NO PROCESO DE CONVOCATORIA DE PROBAS CELGA PARA O ANO 2016

ANTECEDENTES

Ao abeiro da Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), determínase o procedemento para realizar as probas de avaliación dos coñecementos de lingua galega.

Esta orde, que recolle os criterios que se establecen no Marco europeo común de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino e avaliación, representa o paraugas do sistema de educación para adultos de lingua galega destinado, fundamentalmente, aos que non tiveron a oportunidade de coñecer e aprender a lingua galega no ensino obrigatorio por diferentes circunstancias.

A devandita orde estipula no seu artigo 5:

“1. A Secretaría Xeral de Política Lingüística nomeará unha Comisión Central de Avaliación que se responsabilizará das seguintes funcións:

- a) Programación das probas e proposta de convocatoria á Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- b) Elaboración dos exames.
- c) Avaliación daquelas probas que lle corresponda.
- d) Elaboración de actas do resultados das avaliacións.

2. A Comisión Central de Avaliación das probas estará composta polos seguintes membros, nomeados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, entre expertos na avaliación do coñecementos da lingua galega:

- a) Presidente/a.
- b) Secretario/a.
- c) Cinco vogais.

3. O nomeamento dos membros da Comisión Central de Avaliación terá unha vixencia anual”.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística está iniciando os procedementos necesarios cara a unha nova convocatoria de probas para obter os certificados oficiais de coñecementos dos diferentes niveis de lingua galega que se realizarán no ano 2016.

Por todo o que antecede,

RESOLVO



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Rúa de San Roque, 2
15704 Santiago de Compostela
Tfno.: 881 996312
Fax: 881 996306
www.xunta.es/lingua.gal

galicia

1. Nomear a Comisión Central de Avaliación, cos seguintes membros:

CARGO	TITULAR	SUPLENTE
Presidenta	María Antón Vilasánchez	Elvira Casal García
Secretaria	M. ^a Mercedes Mato Verdes	Carmen Rodríguez Pérez
Vogal	María Cuquejo Enríquez	Sandra M. ^a Martín Vidal
Vogal	Victoria Cerviño Ferrín	Rocío Barros Lorenzo
Vogal	M. ^a Xosé Quintáns Vigo	Celia Rozas Donsión
Vogal	José Luis Ansemil Moreiras	Estrela Seivane Llanes
Vogal	Claudina Moreira Costoya	Alicia Padín Otero

2. Este nomeamento terá vixencia ata o remate da convocatoria e a resolución de todas as cuestións que poidan xurdir. En ningún caso excederá máis o mes de decembro de 2016.

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2015

O secretario xeral de Política Lingüística



Valentín García Gómez